

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

16832 *Real decreto 1153/2020, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, polo que se regula o apoio oficial en forma de subvención ao tipo de xuro dos créditos para a construción de buques.*

O Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, regulaba dous instrumentos de apoio ao sector naval que, tras a súa derogación, foron separados normativamente no Real decreto 873/2017, do 29 de setembro, polo que se regulan as axudas ao sector de construción naval, en materia de investigación, desenvolvemento e innovación, e o Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, polo que se regula o apoio oficial en forma de subvención ao tipo de xuros dos créditos para a construción de buques.

O Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, daba continuidade ao Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, poñendo de novo á disposición do sector un instrumento, mediante o cal, por concesión directa, se subvenciona a diferenza entre o tipo de xuro do crédito concedido e o tipo de xuro comercial de referencia (CIRR) do euro na data da concesión do crédito, cun límite na subvención dun punto porcentual, tal e como permite o Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, relativo á aplicación de determinadas directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial, e polo que se derrogan as decisións 2001/76/CE e 2001/77/CE do Consello e as súas modificacións posteriores. Este real decreto ten un período de vixencia que finaliza o 31 de decembro de 2020.

Este instrumento permitiu que os estaleiros españois contraten en igualdade de oportunidades que o resto de estaleiros europeos, posto que recolle na normativa nacional o Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, no referido aos créditos á exportación de buques. Este regulamento europeo continúa vixente.

Vistas a continuidade da vixencia do regulamento europeo e a fin do período de vixencia do Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, e co fin de manter as mesmas condicións de contratación aos estaleiros españois respecto dos seus homólogos na Unión Europea, precísase estender o período de vixencia do Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, e introducir modificacións co fin de mellorar o seu funcionamento con base na experiencia adquirida. Entre estas modificacións cabe destacar que os estaleiros que constrúen os buques non se definen nesta norma por referencia á autorización administrativa prevista na disposición adicional décimo oitava da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, senón que a condición para os estaleiros é que constrúan ou transformen o buque obxecto de financiamento en España. Modifícanse os limiares mínimos das características de tamaño e potencia dos buques e remolcadores cuxa construción pode ser obxecto do crédito financiable de forma que se adecúen os buques realizados maioritariamente polo sector con importante efecto tractor que, no caso de buques de nova construción, son aqueles que superen as 250 GT e, no caso de remolcadores, os que superen os 1000 kW.

A prórroga do apoio aos créditos á exportación de buques en España, ademais, alíñase co plan de recuperación para Europa como apoio para empresas privadas, co fin de impulsar a súa actividade, manter o emprego e relanzar a economía.

A norma é adecuada aos principios de necesidade e eficacia, en canto que a extensión temporal deste réxime de axudas é unha medida necesaria para manter a competitividade internacional do sector da construción naval; cumpre co principio de proporcionalidade, xa que non restrinxe dereitos nin afecta as obrigas que se impoñen aos beneficiarios destas

axudas; favorece a seguridade xurídica, pois as modificacións do seu articulado diríxense precisamente a aclarar o seu sentido, facilitando a súa comprensión e aplicación; é acorde ao principio de transparencia, pois a memoria contén unha explicación clara da necesidade e dos obxectivos da norma e na súa elaboración posibilitouse unha participación activa dos seus destinatarios, e cumpre tamén o principio de eficiencia, pois non afecta as cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, co informe do Ministerio de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 22 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, polo que se regula o apoio oficial en forma de subvención ao tipo de xuro dos créditos para a construción de buques.*

O Real decreto 874/2017, do 29 de setembro, polo que se regula o apoio oficial en forma de subvención ao tipo de xuro dos créditos para a construción de buques, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 3.1 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Poderán ser beneficiarias do apoio oficial aos créditos en forma de subvención ao tipo de xuro as entidades financeiras ou de crédito que concedan créditos aos armadores nacionais ou estranxeiros, a estaleiros e a terceiros, en diante, «acreditados», para a construción ou transformación de buques de casco metálico nas empresas de construción naval localizadas en España.»

Dous. O segundo parágrafo do artigo 5.1 queda redactado da seguinte maneira:

«Para os efectos de determinar o ámbito de aplicación e as condicións do crédito subvencionado, no non previsto neste real decreto será de aplicación o disposto no acordo sectorial sobre créditos á exportación de buques, aprobado no marco da OCDE e recollido no anexo II do Regulamento (UE) n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, relativo á aplicación de determinadas directrices en materia de créditos á exportación con apoio oficial e, no non expresamente regulado polo dito acordo sectorial, aplicarase o Acordo de 1998, sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da OCDE, tamén aprobado no dito marco e recollido no dito regulamento.»

Tres. O artigo 5.2 queda redactado da seguinte maneira:

«2. As actuacións susceptibles de axuda serán os créditos para a construción ou transformación de buques de casco metálico que se concedan aos armadores nacionais ou estranxeiros, a estaleiros e a terceiros, para a execución de construcións e transformacións definidas no citado acordo sectorial, sempre e cando, no caso de buques de nova construción, se superen as 250 GT, coa excepción dos remolcadores, que deberán superar os 1000 kW. Os créditos deberán estar denominados en euros.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«O «acreditado» deberá presentar o formulario electrónico que figura no anexo III deste real decreto, xunto coa seguinte documentación, para a comprobación da actuación susceptible de axuda, nos seis meses seguintes á entrega do buque ou á data de notificación da resolución de concesión, se esta data for posterior:»

Cinco. A disposición derradeira cuarta queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira cuarta. *Período de vixencia.*

O período de vixencia do presente real decreto finaliza o 31 de decembro de 2025.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo,
MARÍA REYES MAROTO ILLERA